

A caída dos prezos do cru e as boas marxes de refino marcan os resultados do segundo trimestre de 2007

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

Cifras non auditadas (NIIF)

2T 2006	1T 2007	2T 2007	% Variación 2T07/2T06	RESULTADOS SEGUNDO TRIMESTRE 2007	Xan-xuñ 2006	Xan-xuñ 2007	% Variación 07/06
RESULTADO CONTÁBEL (Millóns de euros)							
1.690	1.407	1.440	-14,8	RESULTADO DAS OPERACIÓNS	3.294	2.847	-13,6
920	888	818	-11,1	RESULTADO NETO	1.782	1.706	-4,3
INDICADORES PROFORMA (Millóns de euros)							
1.602	1.409	1.416	-11,6	RESULTADO DAS OPERACIÓNS AXUSTADO	3.186	2.825	-11,3
857	838	799	-6,8	RESULTADO NETO AXUSTADO	1.701	1.637	-3,8
BENEFICIO POR ACCIÓN							
0,75	0,73	0,67	-11,1	Euros por acción	1,46	1,40	-4,3
0,96	0,97	0,91	-5,2	Dólares por acción	1,85	1,89	2,2

DATOS MÁIS RELEVANTES DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2007

- A caída dos **prezos dos crus de referencia** e a maior actividade exploratoria vense reflectidos no resultado da área de Exploración e produción.
- As boas **marxes de refino** sitúan o resultado das operacións da área de Refino e márketing en 668 millóns de euros.
- A **fortaleza do euro fronte dólar** impacta negativamente nos resultados das operacións do trimestre en 90 millóns de euros.
- O **resultado neto** do trimestre alcanzou 818 millóns de euros e o **resultado das operacións** ascendeu a 1.440 millóns de euros.

1.- ANÁLISE DO RESULTADO CONSOLIDADO

1.1.- Resultados trimestrais

O **resultado neto** ascendeu a 818 millóns de euros. O **resultado das operacións** alcanzou 1.440 millóns de euros o que supón unha diferenza de 250 millóns de euros fronte ao segundo trimestre de 2006.

Esta diferenza explícase principalmente pola fortaleza do euro fronte ao dólar, que supuxo un menor resultado de 90 millóns de euros dado que a cotización do euro fronte ao dólar pasou de 1,255 \$/euro no segundo trimestre de 2006 a 1,348 \$/euro no segundo trimestre de 2007. Adicionalmente, a evolución dos prezos e das marxes que se detallan para cada unha das áreas de negocio explica o resto da diferenza.

O trimestre caracterizouse por unha diminución dos prezos de realización dos líquidos que descenderon un 7,6%. A área de Refino e márketing viu mellorados os seus resultados por unhas mellores marxes de refino tanto en España coma en Latinoamérica.

No negocio de Química, as mellores marxes víronse prexudicados por unha menor actividade de metanol en Latinoamérica. Finalmente a área de Gas e electricidade reflicte o bo comportamento da actividade de comercialización en España.

O **EBITDA** ascendeu a 2.238 millóns de euros un 5,0% inferior ao do segundo trimestre de 2006. O beneficio por acción alcanzou 0,67 euros no segundo trimestre de 2007 fronte aos 0,75 euros no mesmo período do ano 2006.

1.2.- Resultados acumulados

Nos seis primeiros meses de 2007, o **resultado neto** alcanzou 1.706 millóns de euros fronte aos 1.782 millóns de euros do mesmo período de 2006. O **resultado das operacións** alcanzou 2.847 millóns de euros. O **EBITDA** ascendeu a 4.274 millóns de euros. O beneficio por acción alcanzou 1,40 euros no primeiro semestre de 2007 fronte aos 1,46 euros no mesmo período do ano 2006.

O semestre, como xa se comentou no segundo trimestre, caracterizouse polo fortalecemento do euro fronte ao dólar que pasou de 1,229 \$/euro no primeiro semestre de 2006 a 1,329 \$/euro neste semestre, o que supuxo un menor resultado das operacións de 195 millóns de euros.

A área de Exploración e produción viuse afectada pola diminución dos prezos de realización dos líquidos nun 6,0%. Pola súa parte a área de Refino e márketing viu incrementado o seu resultado das operacións por unhas mellores marxes de refino tanto en España coma en Latinoamérica, a pesar de que os diferenciais do custo de vendas a prezos de reposición (CCS) e o sistema MIFO, xeran un efecto negativo no semestre de 155 millóns de euros fronte ao mesmo período do ano anterior.

O negocio de Química incrementou os seus resultados debido á melloría das marxes internacionais. Finalmente a área de Gas e electricidade segue reflectindo o bo comportamento da actividade de comercialización en España.

2.- ANÁLISE DE RESULTADOS POR ACTIVIDADES

2.1. - EXPLORACIÓN E PRODUCCIÓN

Cifras non auditadas (NIIF)

2T 2006	1T 2007	2T 2007	% Variación 2T07/2T06		Xan-xuñ 2006	Xan-xuñ 2007	% Variación 07/06
1.012	625	657	-35,1	RESULTADO DAS OPERACIÓNS (Millóns de euros)	1.928	1.282	-33,5
1.008	625	657	-34,8	RESULTADO DAS OPERACIÓNS axustado (Millóns de euros)	1.927	1.282	-33,5
522,4	511,6	489,1	-6,4	PRODUCCIÓN CRU E LÍQUIDOS (Miles de bep/d)	528,1	500,3	-5,3
3.389	3.217	3.236	-4,5	PRODUCCIÓN GAS (Millóns scf/d)	3.369	3.227	-4,2
1.126,0	1.084,5	1.065,5	-5,4	PRODUCCIÓN TOTAL (Miles de bep/d)	1.128,1	1.074,9	-4,7
651	1.048	434	-33,3	INVESTIMENTOS (Millóns de euros)	1.126	1.482	31,6
35	102	123	251,4	CUSTOS DE EXPLORACIÓN (Millóns de euros)	121	225	85,9

2T 2006	1T 2007	2T 2007	% Variación 2T07/2T06	COTIZACIÓNS INTERNACIONAIS (\$/bbl)	Xan-xuñ 2006	Xan-xuñ 2007	% Variación 07/06
69,59	57,76	68,76	-1,2	Brent	65,66	63,22	-3,7
70,72	58,27	65,02	-8,1	WTI	67,13	61,67	-8,1

2T 2006	1T 2007	2T 2007	% Variación 2T07/2T06	PREZOS DE REALIZACIÓN	Xan-xuñ 2006	Xan-xuñ 2007	% Variación 07/06
49,51	41,09	45,76	-7,6	LÍQUIDOS (\$/Bbl)	46,12	43,35	-6,0
1,97	2,53	2,01	2,0	GAS (\$/Miles scf)	2,02	2,28	12,9

1.000 Mscf/d =28,32 Mm³/d =0,178 Mbep/d

O resultado das operacións axustado no segundo trimestre de 2007 ascendeu a 657 millóns de euros, fronte aos 1.008 millóns de euros do segundo trimestre de 2006. Os resultados no trimestre víronse afectados principalmente polos seguintes factores:

- A depreciación do dólar fronte ao euro nun 7% neste trimestre supuxo un menor resultado de 47 millóns de euros.
- O descenso dos prezos de realización penalizou o resultado en 54 millóns de euros, sen considerar Dubai e Bolivia.
- A menor produción de cru e gas, illando tamén Dubai e Bolivia, vese reflectida cun menor resultado de 16 millóns de euros.
- Por último, a finalización das actividades en Dubai, supuxo un menor resultado das operacións de 53 millóns de euros.

Adicionalmente, cómpre salientar neste trimestre, unha maior actividade exploratoria que, xunto co incremento xeneralizado dos custos, supuxo un menor resultado de 160 millóns de euros en comparación cos rexistrados no segundo trimestre de 2006. Por outro lado, as amortizacións técnicas supuxeron neste trimestre un menor resultado de 23 millóns de euros.

O incremento do prezo medio do gas débese principalmente a prezos medios de venda de gas máis altos en Trinidad e Tobago e Arxentina, país no que se alcanzaron neste trimestre 1,49 dólares por mil pés cúbicos, un 5% superior ao do mesmo período do ano anterior. O efecto deste incremento sobre os resultados ten unha escasa relevancia dado que unha parte do aumento dos prezos é debido aos maiores impostos á exportación de gas en Arxentina.

A diminución na produción de líquidos débese, principalmente, á finalización das actividades en Dubai (21,3 kbb/día), á entrada en vigor dos novos contratos en Bolivia (6,3 kbb/día), en Arxentina á rotura do poliduto de Magallanes (2,6 kbb/día) e a outros factores (15,4 kbb/día). Estes efectos foron parcialmente compensados coa maior produción do campo Albacora Leste en Brasil (10,3 kbb/día) e coa maior produción en Libia (3,6 kbb/día).

A produción de gas situouse en 3.236 Mscf/día (576,4 kbep/día), un 4,5% inferior á do segundo trimestre de 2006. Esta diminución localízase fundamentalmente en Bolivia polo efecto antes mencionado (32,8 kbep/día) e pola xa comentada rotura do poliduto de Magallanes en Arxentina, que se compensou parcialmente polo incremento de produción en Trinidad e Tobago (5,2 kbep/día).

Resultados acumulados

O **resultado das operacións axustado** no primeiro semestre de 2007 ascendeu 1.282 millóns de euros, fronte aos 1.927 millóns de euros de 2006. O descenso do resultado das operacións axustado débese principalmente a:

- A apreciación do euro fronte ao dólar nun 8,2% tivo un impacto negativo de 105 millóns de euros.
- O descenso nos prezos de realización, sen Dubai, Bolivia e Venezuela, supuxo un menor resultado de 124 millóns de euros.
- A menor produción de cru e gas, eliminando os países arriba mencionados, vese reflectida cun menor resultado de 23 millóns de euros.
- Adicionalmente, a finalización das actividades en Dubai supuxo un menor resultado de 69 millóns de euros, mentres que a aplicación dos novos contratos en Bolivia e a migración dos contratos a Empresas Mixtas en Venezuela non tivo un impacto relevante nos resultados económicos.

Adicionalmente, cómpre salientar neste semestre, unha maior actividade exploratoria que xunto co incremento xeneralizado dos custos supuxo un menor resultado de 247 millóns de euros en comparación cos rexistrados no mesmo período do ano anterior. Por outro lado, as amortizacións técnicas supuxeron neste semestre un menor resultado de 56 millóns de euros.

O prezo medio do gas no semestre situouse en 2,28 dólares por mil pés cúbicos, o que supón un aumento do 12,9% sobre o mesmo período do ano pasado. O incremento do prezo medio débese principalmente a prezos medios de venda de gas máis altos en Trinidad e Tobago e Arxentina, onde alcanzaron neste período 1,67 dólares por mil pés cúbicos, un 8% superior ao do mesmo período do ano anterior. Se ben, se se ten en conta que unha parte do aumento dos prezos é debido aos maiores impostos á exportación de gas, principalmente a Chile, este incremento ten un impacto irrelevante no resultado.

A produción total no primeiro semestre de 2007 ascendeu a 1.074.900 barrís equivalentes ao día cunha diminución do 4,7% respecto ao ano anterior. Esta diminución débese principalmente á menor produción en Bolivia (21,8 kbep /día), pola entrada en vigor dos novos contratos, en Venezuela (27,5 kbep /día) pola migración dos contratos a Empresas Mixtas en abril de 2006, en Dubai pola finalización das actividades (12,2 kbep /día) e en Arxentina pola rotura do poliduto de Magallanes (9,3 kbep /día). Estes efectos foron parcialmente compensados coa produción do campo Albacora Leste en Brasil (14,9 kbep/día) e co incremento nas entregas de gas en Trinidad e Tobago (5,8 kbep/día).

A produción de líquidos situouse en 500.300 barrís por día, o que representa unha diminución do 5,3% respecto á produción do mesmo período do ano pasado. Esta diminución débese principalmente á menor produción en Venezuela (14,6 kbb/día) pola migración dos contratos a Empresas Mixtas en abril de 2006, en Dubai (12,2 kbb/día) pola finalización do contrato e en Bolivia (4,4 kbb/día) pola entrada en vigor dos novos contratos. Estes efectos foron parcialmente compensados coa produción do campo Albacora Leste en Brasil (14,3 kbb/día).

A produción de gas situouse en 3.227 Mscf/día (574,6 kbep/día), un 4,2% inferior á do primeiro semestre de 2006. A diminución localízase fundamentalmente en Bolivia polos efectos antes mencionados (17,5 kbep/día), compensados parcialmente polo incremento nas entregas de gas en Trinidad e Tobago (8,3 kbep/día).



Os investimentos do segundo trimestre na área de Exploración e Producción alcanzaron os 434 millóns de euros, un 33,3% inferiores aos do segundo trimestre de 2006. Os investimentos en desenvolvemento representaron un 93% do investimento total do trimestre e foron realizadas fundamentalmente en Arxentina (52,1%), USA (21,9%), Trinidad e Tobago (10,7%), Alxeria (6,1%) e Ecuador (2,9%).

No primeiro semestre de 2007 na área de Exploración e Producción os investimentos alcanzaron os 1.482 millóns de euros, un 31,6% superiores aos do 2006. Este incremento débese basicamente á adquisición dun 28% de Genghis Khan no Golfo de México (USA) e aos maiores investimentos en desenvolvemento, así como na planta de regasificación de Canaport e aos do proxecto de Perú LNG. Os investimentos en desenvolvemento representaron un 51,6% do investimento total do período e foron realizados fundamentalmente en Arxentina (50,5%), USA (18,4%), Trinidad e Tobago (12%), Alxeria (6,9%) e Ecuador (3,7%).

2.2. - REFINO E MÁRketing

Cifras non auditadas (NIIF)

2T 2006	1T 2007	2T 2007	% Variación 2 T 07/2 T 06		Xan-xuñ 2006	Xan-xuñ 2007	% Variación 07/06
646	637	668	3,4	RESULTADO DAS OPERACIÓN (Millóns de euros)	1.249	1.305	4,5
576	633	668	16,0	RESULTADO DAS OPERACIÓN AXUSTADO (Millóns de euros)	1.181	1.301	10,2
14.736	14.502	15.701	6,5	VENDAS DE PRODUTOS PETROLÍFEROS (Miles de toneladas)	29.205	30.203	3,4
843	1.058	897	6,4	VENDAS DE GLP (Miles de toneladas)	1.965	1.955	-0,5
171	215	171	0,0	INVESTIMENTOS (Millóns de euros)	305	386	26,6

2T 2006	1T 2007	2T 2007	% Variación 2T07/2T06	INDICADORES MARXES DE REFINO (\$/Bbl)	Xan-xuñ 2006	Xan-xuñ 2007	% Variación 07/06
7,32	6,54	7,76	6,0	España	5,96	7,15	20,0
9,83	10,11	13,91	41,5	ABB	9,13	12,02	31,7
7,69	7,28	9,38	22,0	Repsol YPF	6,69	8,33	24,5

O **resultado das operacións axustado** ascendeu no segundo trimestre de 2007 a 668 millóns de euros o que supón un incremento do 16,0%. A mellora dos resultados débese, fundamentalmente, a unhas maiores marxes de refino e a un mellor comportamento do *mix* marxe-volume nas actividades de márketing. Os principais factores que contribuíron aos resultados foron os seguintes:

- Un aumento da marxe de refino en 1,17 \$/bbl, como consecuencia da fortaleza dos *spreads* das gasolinas, xunto cun maior nivel de destilación (6,4%) o que supuxo unha mellora no resultado das operacións de aproximadamente 120 millóns de euros.
- A depreciación do dólar fronte ao euro supuxo un menor resultado de 41 millóns de euros.
- Os diferenciais no custo de vendas a prezos de reposición (CCS) e o sistema MIFO, xeran un efecto positivo de 46 millóns de euros en comparación co segundo trimestre de 2006.
- O bo comportamento do *mix* marxe-volume nas actividades de márketing e GLP mellorou o resultado do segundo trimestre de 2007 nuns 16 millóns de euros.
- O efecto dos crus non prezados e outros factores de menor importancia reduciron o resultado en 49 millóns de euros.

En España, as marxes de combustíbeis en estacións de servizo foron superiores ás do mesmo período de 2006 e en ABB, as vendas de produtos claros ao márketing propio medraron un 7,1% e as marxes melloraron como consecuencia da evolución da cotización internacional dos produtos.

Con respecto á actividade de GLP, a revisión dos prezos do envasado en España en abril de 2007 reduciu o prezo máximo nun 6,7% mentres que a materia prima de referencia aumentou un 14,6%.

Resultados acumulados

O **resultado das operacións axustado** do primeiro semestre de 2007 ascendeu 1.301 millóns de euros. O incremento dos resultados dos seis primeiros meses de 2007 débese principalmente a:

- O aumento da marxe de refino en 1,64 \$/bbl supuxo unha mellora no resultado das operacións de aproximadamente 260 millóns de euros.
- A depreciación do dólar fronte a o euro supuxo un menor resultado de 88 millóns de euros.



- Os diferenciais no custo de vendas a prezos de reposición (CCS) e o sistema MIFO, xeran un efecto negativo no semestre de 155 millóns de euros en comparación co primeiro semestre de 2006.
- O bo comportamento do *mix* marxe-volume nas actividades de márketing e GLP mellorou o resultado do primeiro semestre de 2007 en 153 millóns de euros.
- O efecto dos crus non prezados e outros factores de menor importancia reduciron o resultado en 50 millóns de euros.

Os investimentos na área de Refino e márketing no segundo trimestre de 2007 ascenderon a 171 millóns de euros e no primeiro semestre deste ano alcanzaron 386 millóns de euros, o que supón un aumento do 26,6% fronte ao mesmo período do exercicio anterior. Os investimentos destináronse fundamentalmente a proxectos de refino en curso, ademais da melloras operativas e das instalacións, seguridade e ambiente, calidade de carburantes e conversión.

2.3. - QUÍMICA

Cifras non auditadas (NIIF)

2T 2006	1T 2007	2T 2007	% Variación 2T07/2T06		Xan-xuñ 2006	Xan-xuñ 2007	% Variación 07/06
84	88	82	-2,4	RESULTADO DAS OPERACIÓNS (Millóns de euros)	123	170	38,2
86	88	82	-4,7	RESULTADO DAS OPERACIÓNS AXUSTADO (Millóns de euros)	126	170	34,9
1.167	1.147	1.206	3,3	VENDAS DE PRODUTOS QUÍMICOS (Miles de toneladas)	2.334	2.353	0,8
39	40	37	-5,1	INVESTIMENTOS (Millóns de euros)	70	77	10,0
2T 2006	1T 2007	2T 2007	% Variación 2T07/2T06	INDICADORES MARXES INTERNACIONAIS	Xan-xuñ 2006	Xan-xuñ 2007	% Variación 07/06
449	557	485	8,0	Cracker (Eur/ton)	444	521	17,3
345	340	360	4,3	Derivada Europa (Eur/ton)	346	350	1,2
238	351	263	10,5	Derivada Latinoamérica (USD/ton)	238	307	29,0

Os indicadores representan marxes sobre materia prima, baseadas nos prezos internacionais dos produtos petroquímicos nos mercados de referencia. Estes indicadores incorporan os produtos máis significativos do portafolio químico de Repsol YPF e están ponderados segundo a capacidade nominal das plantas de produción.

O **resultado das operacións axustado** na área Química no segundo trimestre de 2007 ascendeu a 82 millóns de euros fronte aos 86 millóns de euros do mesmo período de 2006.

As maiores marxes, así como as maiores vendas na química derivada en Europa, foron compensadas pola menor actividade de metanol en Latinoamérica.

Resultados acumulados

O resultado das operacións axustado acumulado en xuño de 2007 ascendeu a 170 millóns de euros, un 34,9% superior ao do mesmo período do ano 2006.

As causas fundamentais das variacións corresponden á mellora das marxes da Petroquímica Básica e da Derivada en Latinoamérica e aos menores custos das enerxías.

Os **investimentos** no segundo trimestre de 2007 ascenderon a 37 millóns de euros, un 5,1% inferiores aos do segundo trimestre de 2006.

Nos seis primeiros meses de 2007 os investimentos alcanzaron os 77 millóns de euros o que supón un incremento do 10,0% con respecto ao mesmo período de 2006. Os principais investimentos no ano son a construción dunha planta de benceno que se porá en marcha no segundo semestre, cunha capacidade de 190 kt/ano e a ampliación nun 33% da capacidade da planta de OP/SM, ambas as dúas en Tarragona.

2.4. - GAS E ELECTRICIDADE

Cifras non auditadas (NIIF)

2T 2006	1T 2007	2T 2007	% Variación 2T07/2T06		Xan-xuñ 2006	Xan-xuñ 2007	% Variación 07/06
105	149	119	13,3	RESULTADO DAS OPERACIÓNS (Millóns de euros)	246	268	8,9
80	149	95	18,8	RESULTADO DAS OPERACIÓNS AXUSTADO (Millóns de euros)	191	244	27,7
82	48	74	-9,8	INVESTIMENTOS (Millóns de euros)	165	122	-26,1

O **resultado das operacións axustado** no segundo trimestre ascendeu a 95 millóns de euros, fronte aos 80 millóns de euros do mesmo período do ano anterior, o que supón un incremento do 18,8%. Este resultado desconta o efecto da venda de accións de Enagas no segundo trimestre de 2006 e de Naturgas no mesmo período de 2007.

O incremento do resultado das operacións continuadas reflicte como en trimestres anteriores a favorábel evolución dos resultados de Gas Natural SDG. En particular destacan os crecementos nos resultados da actividade en Latinoamérica e, sobre todo, os da comercialización de gas en España, que compensan sobradamente o impacto dos menores prezos do *pool* eléctrico español nos resultados da actividade de electricidade.

Os resultados da distribución de gas en España aumentan conforme á retribución recoñecida a Gas Natural SDG para o exercicio 2007.

O crecemento de resultados en Latinoamérica débese fundamentalmente ao bo comportamento da distribución en Colombia e Brasil. Os incrementos nos resultados son máis importantes se se ten en conta a depreciación do dólar e das moedas locais fronte ao euro.

A comercialización de gas natural en España vén reflectindo unha constante melloría, froito da liña comercial seguida pola compañía coa optimización da carteira de contratos de gas no mercado liberalizado e da política de prezos adaptada ás condicións actuais do mercado.

Resultados acumulados

O **resultado das operacións axustado** no primeiro semestre ascendeu a 244 millóns de euros, fronte aos 191 millóns de euros do mesmo período do ano anterior o que supón un incremento no resultado do 27,7%.

Os **investimentos** en Gas e electricidade durante o segundo trimestre de 2007 alcanzaron 74 millóns de euros. As cifras do primeiro semestre ascenden a 122 millóns de euros. Estes investimentos dedicáronse fundamentalmente á actividade de distribución de gas natural en España e aos proxectos de xeración de electricidade.

2.5. - CORPORACIÓN E OUTROS

Este epígrafe recolle os gastos da Corporación e as actividades non imputados aos negocios. Neste trimestre rexistrouse un resultado de 86 millóns de euros, cifra similar á do primeiro trimestre de 2007.

3.- RESULTADO FINANCIERO, ENDEBEDAMENTO E INVESTIMENTOS

Cifras non auditadas (NIIF)

EVOLUCIÓN DA DÉBEDA NETA (Millóns de euros)	1T07	2T07	% Variación 2 T 07/1 T 07	Xan-xuñ 2007
DÉBEDA NETA AO INICIO DO PERÍODO	4.396	4.426	0,7	4.396
EBITDA	-2.036	-2.238	9,9	-4.274
VARIACIÓN FONDO DE MANOBRA COMERCIAL	16	663	4.043,8	679
INVESTIMENTOS (1)	1.250	961	-23,1	2.211
DESINVESTIMENTOS	-39	-92	135,9	-131
DIVIDENDOS (incluíndo os das sociedades afiliadas)	452	32	-92,9	484
EFFECTOS TIPO DE CAMBIO (2)	-53	-56	5,7	-109
IMPOSTOS PAGADOS	355	688	93,8	1.043
OUTROS MOVEMENTOS	85	116	36,5	201
DÉBEDA NETA AO PECHE DO PERÍODO	4.426	4.500	1,7	4.500
DÉBEDA NETA + PREFERENTES AO PECHE DO PERÍODO	7.924	7.984	0,8	7.984

Proporción de endebedamento

CAPITAL EMPREGADO (Millóns de euros)	26.755	27.113	1,3	27.113
DÉBEDA NETA/ CAPITAL EMPREGADO (%)	16,5	16,6	0,6	16,6
DÉBEDA NETA + PREFERENTES / CAPITAL EMPREGADO (%)	29,6	29,5	-0,7	29,5

(1) Adicionalmente, existen investimentos de carácter financeiro por 168 millóns de euros, o que daría lugar a un investimento total de 2.379 millóns de euros (ver táboas).

(2) A 30 de xuño de 2007, 1 euro =1,348 dólares.

A débeda neta da compañía ao final do primeiro semestre de 2007 situouse en 4.500 millóns de euros, cun lixeiro aumento de 104 millóns de euros con respecto a decembro de 2006.

O volume de EBITDA xerado no semestre, permitiu financiar os investimentos do período por importe de 2.211 millóns de euros, o pagamento do dividendo a conta de 2006 por importe de 440 millóns de euros e o pagamento de dividendo a socios externos por importe de 44 millóns de euros.

A proporción de Débeda Neta sobre Capital Empregado en xuño de 2007 situouse no 16,6%. Tendo en conta as accións preferentes, esta proporción sitúase no 29,5%.

O resultado financeiro no primeiro semestre de 2007 ascende a 45 millóns de euros de gasto, fronte aos 226 millóns de euros do mesmo período do ano pasado. Esta redución obedece fundamentalmente a:

- Un menor gasto financeiro por xuros de 25 millóns de euros, principalmente, como consecuencia da redución de 120 millóns de euros no endebedamento medio e ao aumento da rendibilidade dos investimentos financeiros.
- Un maior ingreso financeiro de 73 millóns de euros no primeiro semestre de 2007, que recolle a evolución favorábel en valoracións a mercado de derivados financeiros como consecuencia da suba de tipos de xuro euro.
- Un maior ingreso de 65 millóns de euros, pola reversión dos xuros correspondentes á desdotación dunhas provisións de carácter fiscal.
- Un maior ingreso de 62 millóns de euros como consecuencia da maior capitalización de xuros nos activos do *upstream*.

Cifras non auditadas (NIIF)

2T 2006	1T 2007	2T 2007	% Variación 2T07/2T06	RESULTADO FINANCIERO (Millóns de euros)	Xan-xuñ 2006	Xan-xuñ 2007	% Variación 07/06
89	83	75	-15,3	XUROS NETOS	183	158	-13,7
47	46	47	0,0	RETRIBUCIÓN ACCIÓNS PREFERENTES	93	93	0,0
-4	-40	-31	675,0	INTERCALARIOS	-9	-71	688,9
37	14	-19	-	DERIVADOS E PROVISIÓNS	73	-5	-
-75	-65	-55	-26,7	DIFERENZAS DE CAMBIO	-145	-120	-17,2
13	-48	38	192,3	OUTROS INGRESOS / GASTOS	31	-10	132,6
107	-10	55	-48,6	TOTAL	226	45	-80,1

4.- OUTROS EPÍGRAFES DA CONTA DE RESULTADOS

4.1. - IMPOSTO SOBRE BENEFICIOS

O tipo impositivo neste segundo trimestre situouse no 39,2%. A taxa acumulada en xuño é do 38% e vese afectada pola reversión de provisións fiscais xa comentadas na nota de resultados do primeiro trimestre de 2007. O tipo do imposto sobre sociedades para a totalidade do exercicio 2007 estimouse nun 40%.

4.2. - RESULTADO SOCIEDADES PARTICIPADAS

Cifras non auditadas (NIIF)

2T 2006	1T 2007	2T 2007	% Variación 2T07/2T06	DESAGREGACIÓN DE SOCIEDADES PARTICIPADAS (Millóns de euros)	Xan-xuñ 2006	Xan-xuñ 2007	% Variación 07/06
10	15	11	10,0	E&P	27	26	3,7
7	15	11	57,1	R&M	15	26	73,3
1	-	1	0,0	QUÍMICA	1	1	0,0
-	-	2	-	G&E	1	2	100,0
18	30	25	38,9	TOTAL	44	55	25,0

O resultado obtido a través de sociedades participadas minoritariamente ascendeu no segundo trimestre de 2007 a 25 millóns de euros fronte aos 18 millóns de euros do mesmo período do ano anterior, debido fundamentalmente á maior contribución de Atlantic e CLH.

4.3. - SOCIOS EXTERNOS

O resultado atribuído a socios externos no segundo trimestre de 2007 ascendeu a 49 millóns de euros, fronte a 16 millóns de euros do segundo trimestre de 2006. Este resultado débese fundamentalmente aos mellores resultados de La Pampilla e Andina.

5.- FEITOS RELEVANTES

Dende a publicación dos resultados do primeiro trimestre de 2007 tiveron lugar os seguintes feitos significativos:

Na Corporación, o Consello de Administración de Repsol YPF, na súa reunión celebrada o pasado 30 de maio acordou, co informe previo favorábel da Comisión de Nomeamentos e Retribucións, o nomeamento do conselleiro D. Luís Carlos Croissier Batista como membro da Comisión de Estratexia, Investimentos e Competencia, e do conselleiro D. Ángel Durández Adeva como membro da Comisión de Auditoría e Control. Así mesmo, o Consello de Administración acordou aceptar a renuncia de D. Artur Carulla Font ao seu cargo de vogal da Comisión de Auditoría e Control.

O Consello de Administración de Repsol YPF aprobou o pasado 30 de maio, por proposta do seu Presidente Executivo, Antonio Brufau, unha nova estrutura organizativa orientada á execución dos grandes proxectos de crecemento impulsados na actualidade pola compañía, así como á potenciación doutros novos que marcarán o seu desenvolvemento futuro. O novo esquema organizativo de Repsol YPF incorpora, baixo a dependencia directa do Presidente, a figura do *Chief Operating Officer* (Director Xeral de Operacións), quen se encargará da coordinación e do control de todas as áreas de negocio da compañía, así como de aproveitar as sinerxías existentes entre estas e de maximizar a súa contribución á conta de resultados. A organización disporá de dúas novas direccións xerais: a de Gas Natural Licuado (GNL) e a Dirección Xeral de YPF, que será a encargado de xestionar a posta en valor dos activos de Repsol YPF en Arxentina.

O pasado 5 de xullo aboouse un dividendo complementario de 0,36 euros brutos por acción, co que o dividendo correspondente ao exercicio 2006 se situou en 0,72 euros por acción, o que supuxo un incremento do 20% con respecto ao dividendo aboado no exercicio anterior.

Madrid, 26 de xullo de 2007

Relacións con Investidores

Correo electrónico:

Portal en Internet: www.repsolypf.com

*Pº Castellana 278-280
28046 Madrid (España)
Tel.: 34 913 48 55 48
Fax: 34 913 48 87 77*

Hoxe, 26 de xullo de 2007, ás 14:00 horas (CET), terá lugar unha teleconferencia a analistas e investidores institucionais co obxectivo de informar dos resultados de Repsol YPF, S.A. correspondentes ao segundo trimestre de 2007.

A teleconferencia poderá seguirse en directo por calquera persoa interesada a través da páxina web de Repsol YPF en Internet (www.repsolypf.com).

A gravación do seu acto completo estará a disposición dos investidores e de calquera persoa interesada en www.repsolypf.com durante un prazo non inferior a 1 mes.

TÁBOAS

RESULTADOS 2º TRIMESTRE 2007



RESULTADOS DE REPSOL YPF BASEÁNDOSE NOS SEUS PRINCIPAIS COMPOÑENTES

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	DATOS TRIMESTRAIS			XANEIRO-XUÑO	
	2T06	1T07	2T07	2006	2007
EBITDA	2.357	2.036	2.238	4.711	4.274
Resultado das operacións continuadas antes de cargas financeiras.....	1.690	1.407	1.440	3.294	2.847
Cargas financeiras.....	(107)	10	(55)	(226)	(45)
Resultado a.d.i. por operacións en discontinuación.....	-	-	-	-	-
Resultado antes de impostos e participadas	1.583	1.417	1.385	3.068	2.802
Imposto sobre beneficios.....	(665)	(522)	(543)	(1.289)	(1.065)
Participación en resultados d.d.i. de sd. postas en equivalencia.....	18	30	25	44	55
Resultado do período	936	925	867	1.823	1.792
RESULTADO ATRIBUÍBEL A:					
Socios externos.....	16	37	49	41	86
ACCIONISTAS DA SOCIEDADE DOMINANTE	920	888	818	1.782	1.706
Resultado atribuído á sociedade dominante por acción (*)					
* Euros/acción.....	0,75	0,73	0,67	1,46	1,40
* \$/ADR.....	0,96	0,97	0,91	1,85	1,89

(*) O capital social de Repsol YPF, S.A. está constituído por 1.220.863.463 accións.

Tipos de cambio dólar/euro na data de peche de cada trimestre:

1,2695 dólares por euro en 2T06

1,332 dólares por euro en 1T07

1,3513 dólares por euro en 2T07

RESULTADOS DE REPSOL YPF AXUSTADOS POR NON RECORRENTES

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	SEGUNDO TRIMESTRE 2006			XANEIRO-XUÑO 2006		
	Total	Non recorrentes	Axustado	Total	Non recorrentes	Axustado
Resultado das operacións continuadas antes de cargas financeiras.....	1.690	(88)	1.602	3.294	(108)	3.186
Exploración e Produción.....	1.012	(4)	1.008	1.928	(1)	1.927
Refino e Márketing.....	646	(70)	576	1.249	(68)	1.181
Química.....	84	2	86	123	3	126
Gas natural e electricidade.....	105	(25)	80	246	(55)	191
Corporación e outros.....	(157)	9	(148)	(252)	13	(239)
Cargas financeiras.....	(107)	-	(107)	(226)	-	(226)
Resultado a.d.i. por operacións en descontinuación.....	-	-	-	-	-	-
Resultado antes de impostos e participadas.....	1.583	(88)	1.495	3.068	(108)	2.960
Imposto sobre beneficios.....	(665)	25	(640)	(1.289)	27	(1.262)
Participación en resultados d.d.i. de sd. postas en equivalencia.....	18	-	18	44	-	44
Resultado do período.....	936	(63)	873	1.823	(81)	1.742

RESULTADO ATRIBUÍBEL A:

Socios externos.....	16	-	16	41	-	41
ACCIONISTAS DA SOCIEDADE DOMINANTE.....	920	(63)	857	1.782	(81)	1.701

	PRIMEIRO TRIMESTRE 2007			XANEIRO-MARZO 2007		
	Total	Non recorrentes	Axustado	Total	Non recorrentes	Axustado
Resultado das operacións continuadas antes de cargas financeiras.....	1.407	2	1.409	1.407	2	1.409
Exploración e Produción.....	625	-	625	625	-	625
Refino e Márketing.....	637	(4)	633	637	(4)	633
Química.....	88	-	88	88	-	88
Gas natural e electricidade.....	149	-	149	149	-	149
Corporación e outros.....	(92)	6	(86)	(92)	6	(86)
Cargas financeiras.....	10	(65)	(55)	10	(65)	(55)
Resultado a.d.i. por operacións en descontinuación.....	-	-	-	-	-	-
Resultado antes de impostos e participadas.....	1.417	(63)	1.354	1.417	(63)	1.354
Imposto sobre beneficios.....	(522)	18	(504)	(522)	18	(504)
Participación en resultados d.d.i. de sd. postas en equivalencia.....	30	(5)	25	30	(5)	25
Resultado do período.....	925	(50)	875	925	(50)	875

RESULTADO ATRIBUÍBEL A:

Socios externos.....	37	-	37	37	-	37
ACCIONISTAS DA SOCIEDADE DOMINANTE.....	888	(50)	838	888	(50)	838

	SEGUNDO TRIMESTRE 2007			XANEIRO-XUÑO 2007		
	Total	Non recorrentes	Axustado	Total	Non recorrentes	Axustado
Resultado das operacións continuadas antes de cargas financeiras.....	1.440	(24)	1.416	2.847	(22)	2.825
Exploración e Produción.....	657	-	657	1.282	-	1.282
Refino e Márketing.....	668	-	668	1.305	(4)	1.301
Química.....	82	-	82	170	-	170
Gas natural e electricidade.....	119	(24)	95	268	(24)	244
Corporación e outros.....	(86)	-	(86)	(178)	6	(172)
Cargas financeiras.....	(55)	-	(55)	(45)	(65)	(110)
Resultado a.d.i. por operacións en descontinuación.....	-	-	-	-	-	-
Resultado antes de impostos e participadas.....	1.385	(24)	1.361	2.802	(87)	2.715
Imposto sobre beneficios.....	(543)	5	(538)	(1.065)	23	(1.042)
Participación en resultados d.d.i. de sd. postas en equivalencia.....	25	-	25	55	(5)	50
Resultado do período.....	867	(19)	848	1.792	(69)	1.723

RESULTADO ATRIBUÍBEL A:

**ANÁLISE DOS INGRESOS POR OPERACIÓN CONTINUADAS ANTES DE CARGAS
FINANCEIRAS DE REPSOL YPF POR ACTIVIDADES E ÁREAS XEOGRÁFICAS**

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	DATOS TRIMESTRAIS			XANEIRO-XUÑO	
	2T06	1T07	2T07	2006	2007
Exploración e Produción.....	2.623	2.385	2.368	5.109	4.753
España.....	50	26	21	104	47
ABB.....	1.443	1.328	1.322	2.807	2.650
Resto do Mundo.....	1.130	1.031	1.025	2.198	2.056
Refino e Márketing.....	11.567	10.205	10.831	23.075	21.036
España.....	8.076	6.718	7.251	16.330	13.969
ABB.....	1.981	2.020	1.910	3.854	3.930
Resto do Mundo.....	1.510	1.467	1.670	2.891	3.137
Química.....	1.246	1.179	1.380	2.371	2.559
España.....	899	866	1.019	1.737	1.885
ABB.....	230	210	226	427	436
Resto do Mundo.....	117	103	135	207	238
Gas natural e electricidade.....	754	850	722	1.751	1.572
Corporación e outros.....	(1.894)	(1.681)	(1.698)	(3.826)	(3.379)
TOTAL.....	14.296	12.938	13.603	28.480	26.541

ANÁLISE DOS RESULTADOS POR OPERACIÓNS CONTINUADAS ANTES DE CARGAS FINANCEIRAS DE REPSOL YPF POR ACTIVIDADES E ÁREAS XEOGRÁFICAS

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	DATOS TRIMESTRAIS			XANEIRO-XUÑO	
	2T06	1T07	2T07	2006	2007
Exploración e Produción.....	1.012	625	657	1.928	1.282
España.....	16	5	(10)	31	(5)
ABB.....	424	170	221	839	391
Resto do Mundo.....	572	450	446	1.058	896
Refino e Márketing.....	646	637	668	1.249	1.305
España.....	509	407	480	992	887
ABB.....	67	162	97	148	259
Resto do Mundo.....	70	68	91	109	159
Química.....	84	88	82	123	170
España.....	40	26	42	41	68
ABB.....	41	49	25	71	74
Resto do Mundo.....	3	13	15	11	28
Gas natural e electricidade.....	105	149	119	246	268
Corporación e outros.....	(157)	(92)	(86)	(252)	(178)
TOTAL.....	1.690	1.407	1.440	3.294	2.847

ANÁLISE DO EBITDA DE REPSOL YPF POR ACTIVIDADES E ÁREAS XEOGRÁFICAS

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	DATOS TRIMESTRAIS			XANEIRO-XUÑO	
	2T06	1T07	2T07	2006	2007
Exploración e Produción.....	1.479	1.115	1.180	2.879	2.295
España.....	21	22	(11)	41	11
ABB.....	779	564	618	1.549	1.182
Resto do Mundo.....	679	529	573	1.289	1.102
Refino e Márketing.....	744	677	838	1.508	1.515
España.....	564	400	578	1.145	978
ABB.....	98	200	144	217	344
Resto do Mundo.....	82	77	116	146	193
Química.....	128	138	124	219	262
España.....	68	60	67	103	127
ABB.....	48	56	33	87	89
Resto do Mundo.....	12	22	24	29	46
Gas natural e electricidade.....	137	183	158	309	341
Corporación e outros.....	(131)	(77)	(62)	(204)	(139)
TOTAL.....	2.357	2.036	2.238	4.711	4.274

ANÁLISE DOS INVESTIMENTOS DE REPSOL YPF POR ACTIVIDADES E ÁREAS XEOGRÁFICAS

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	DATOS TRIMESTRAIS			XANEIRO-XUÑO	
	2T06	1T07	2T07	2006	2007
Exploración e Produción.....	651	1.048	434	1.126	1.482
España.....	-	1	5	1	6
ABB.....	284	227	259	502	486
Resto do Mundo.....	367	820	170	623	990
Refino e Márketing.....	171	215	171	305	386
España.....	96	116	114	174	230
ABB.....	56	89	43	102	132
Resto do Mundo.....	19	10	14	29	24
Química.....	39	40	37	70	77
España.....	25	26	25	50	51
ABB.....	7	6	4	10	10
Resto do Mundo.....	7	8	8	10	16
Gas natural e electricidade.....	82	48	74	165	122
Corporación e outros.....	24	26	286	60	312
TOTAL.....	967	1.377	1.002	1.726	2.379

BALANCE DE SITUACIÓN COMPARATIVO DE REPSOL YPF

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	DECEMBRO	XUÑO
	2006	2007
Fondo de Comercio.....	3.422	3.396
Outros activos intanxíbeis.....	1.156	1.045
Propiedades, Planta e Equipo.....	23.475	24.240
Instrumentos financeiros a longo prazo.....	1.170	1.283
Outros activos non correntes.....	903	903
Activos por impostos diferidos.....	913	877
Activos dispoñíbeis para a venda.....	249	5
Activo circulante comercial.....	11.069	12.388
Investimentos financeiros temporais e Tesouraría.....	2.844	2.169
TOTAL ACTIVO	45.201	46.306
Patrimonio neto total		
Atribuído á sociedade dominante.....	17.433	18.489
Atribuído aos socios externos.....	609	640
Provisións para riscos e gastos correntes e non correntes.....	2.957	2.792
Pasivos por impostos diferidos.....	2.707	2.566
Subvencións e ingresos que se van distribuír en varios exercicios.....	224	231
Accións preferentes.....	3.445	3.484
Empréstitos e débedas financeiras non correntes.....	7.038	6.431
Débeda non corrente por arrendamento financeiro.....	561	554
Outras débedas non correntes.....	449	428
Empréstitos e débedas financeiras correntes.....	1.556	1.637
Acredores comerciais correntes.....	8.222	9.054
TOTAL PASIVO	45.201	46.306
INDICADORES FINANCEIROS E PROPORCIÓNS:		
DÉBEDA NETA	4.396	4.500
TOTAL CAPITAL EMPREGADO	25.883	27.113
ROACE antes de non recorrentes	13,8%	13,5%

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	XANEIRO-XUÑO	
	2006	2007
I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN		
Resultado antes de impostos	3.071	2.771
Axustes ao resultado:		
Socios externos	41	86
Resultado de sociedades consolidadas por postas en equivalencia	(44)	(55)
Amortizacións	1.453	1.508
Provisións operativas netas dotadas	194	44
Resultados en alleamento de activos non comerciais	(56)	(50)
Cargas financeiras reportadas	226	45
Outros axustes	(174)	(75)
EBITDA	4.711	4.274
Variación real do fondo de manobra comercial	(1.080)	(679)
Dividendos cobrados de sociedades consolidadas por posta en equivalencia	68	93
Impostos pagados	(1.206)	(1.043)
Provisións aplicadas para a súa finalidade	(260)	(122)
	2.233	2.523
II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO		
Investimentos en inmovilizado e sociedades:		
Activos intanxíbeis	(50)	(36)
Propiedades, Planta e Equipo	(1.553)	(2.064)
Adquisición de participacións en sociedades consolidadas	(21)	(22)
Outros activos non correntes	(102)	(257)
Total Investimentos	(1.726)	(2.379)
Desinvestimentos	164	137
	(1.562)	(2.242)
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO		
Débeda financeira neta recibida (cancelada)	(130)	(297)
Cargas financeiras pagadas	(191)	(217)
Subvencións e outros pasivos non correntes cancelados e outros	(4)	75
Dividendos distribuídos	(428)	(484)
	(753)	(923)
EFFECTIVO E EQUIVALENTES AO EFECTIVO AO INICIO DO PERÍODO	2.648	2.557
Saldo neto de fluxos de efectivo (I, II e III)	(82)	(642)
Outras variacións en efectivo e equivalentes		
Por incorporación de sociedades	2	-
Por tipo de cambio	90	(6)
EFFECTIVO E EQUIVALENTES AO EFECTIVO AO FINAL DO PERÍODO	2.658	1.909

TÁBOAS

PRINCIPAIS MAGNITUDES FÍSICAS DO
2.º TRIMESTRE DE 2007

MAGNITUDES DE EXPLORACIÓN E PRODUCCIÓN

Traducción do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

	Unidade	2006			2007			% Variación '07 / 06
		1º Tr.	2º Tr.	ACUM.	1º Tr.	2º Tr.	ACUM.	
PRODUCCIÓN DE HIDROCARBUROS	K Bep/día	1.130,2	1.126,0	1.128,1	1.084,5	1.065,5	1.074,9	-4,7
Producción de Cru e líquidos	K Bep/día	533,7	522,4	528,0	511,6	489,1	500,3	-5,3
ABB	K Bep/día	369,6	386,2	378,0	379,7	372,2	375,9	-0,5
Resto do Mundo	K Bep/día	164,1	136,2	150,1	131,9	116,9	124,4	-17,1
Producción de Gas Natural	K Bep/día	596,5	603,6	600,0	572,9	576,4	574,6	-4,2
ABB	K Bep/día	406,2	436,2	421,3	402,6	403,1	402,9	-4,4
Resto do Mundo	K Bep/día	190,3	167,3	178,8	170,3	173,3	171,8	-3,9

MAGNITUDES DE QUÍMICA

Traducción do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

	Unidade	2006			2007			% Variación '07 / 06
		1º Tr.	2º Tr.	ACUM.	1º Tr.	2º Tr.	ACUM.	
VENDAS PROD. PETROQUÍMICOS	Kt	1.168	1.167	2.334	1.147	1.206	2.353	0,8
Por tipos								
- Básicos	Kt	246	273	520	230	257	487	-6,3
- España	Kt	82	72	154	65	68	132	-14,1
- ABB	Kt	50	45	94	46	53	99	4,4
- Resto do Mundo	Kt	114	157	271	119	137	256	-5,6
- Derivados	Kt	922	893	1.815	917	948	1.866	2,8
- España	Kt	338	322	660	325	322	647	-1,9
- ABB	Kt	120	175	295	184	261	445	50,9
- Resto do Mundo	Kt	464	396	860	408	366	773	-10,1

MAGNITUDES DE REFINO E MÁRketing

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

	Unidade	2006			2007			% Variación '07 / 06
		1º Tr.	2º Tr.	ACUM.	1º Tr.	2º Tr.	ACUM.	
CRU PROCESADO	M tep	14,1	14,1	28,2	14,0	15,0	29,0	3,0
- España	M tep	8,7	8,7	17,5	8,4	9,0	17,5	0,1
- ABB	M tep	4,5	4,4	8,9	4,6	4,8	9,4	6,4
- Resto do Mundo	M tep	0,9	0,9	1,8	1,0	1,1	2,1	13,8
VENDAS DE PRODUTOS PETROLÍFEROS	Kt	14.469	14.736	29.205	14.502	15.701	30.203	3,4
Vendas España	Kt	8.641	8.602	17.243	8.315	8.868	17.183	-0,3
-Márketing Propio	Kt	5.384	5.163	10.547	5.276	5.301	10.577	0,3
- Produtos claros	Kt	4.383	4.232	8.615	4.356	4.287	8.643	0,3
- Outros produtos	Kt	1.001	931	1.932	920	1.014	1.934	0,1
-Resto Vendas Mercado Nacional	Kt	1.862	2.018	3.880	1.664	1.727	3.391	-12,6
- Produtos claros	Kt	1.288	1.476	2.764	1.159	1.170	2.329	-15,7
- Outros produtos	Kt	574	542	1.116	505	557	1.062	-4,8
-Exportacións	Kt	1.395	1.421	2.816	1.375	1.840	3.215	14,2
- Produtos claros	Kt	453	631	1.084	497	677	1.174	8,3
- Outros produtos	Kt	942	790	1.732	878	1.163	2.041	17,8
Vendas ABB	Kt	3.845	4.044	7.889	4.025	4.409	8.434	6,9
-Márketing Propio	Kt	2.449	2.603	5.052	2.597	2.784	5.381	6,5
- Produtos claros	Kt	1.977	2.083	4.060	2.107	2.230	4.337	6,8
- Outros produtos	Kt	472	520	992	490	554	1.044	5,2
-Resto Vendas Mercado Nacional	Kt	611	632	1.243	622	854	1.476	18,7
- Produtos claros	Kt	448	453	901	459	644	1.103	22,4
- Outros produtos	Kt	163	179	342	163	210	373	9,1
-Exportacións	Kt	785	809	1.594	806	771	1.577	-1,1
- Produtos claros	Kt	410	458	868	299	296	595	-31,5
- Outros produtos	Kt	375	351	726	507	475	982	35,3
Vendas Resto do Mundo	Kt	1.983	2.090	4.073	2.162	2.424	4.586	12,6
-Márketing Propio	Kt	1.313	1.402	2.715	1.576	1.709	3.285	21,0
- Produtos claros	Kt	1.168	1.181	2.349	1.415	1.488	2.903	23,6
- Outros produtos	Kt	145	221	366	161	221	382	4,4
-Resto Vendas Mercado Nacional	Kt	332	328	660	329	373	702	6,4
- Produtos claros	Kt	252	252	504	269	284	553	9,7
- Outros produtos	Kt	80	76	156	60	89	149	-4,5
-Exportacións	Kt	338	360	698	257	342	599	-14,2
- Produtos claros	Kt	102	123	225	51	73	124	-44,9
- Outros produtos	Kt	236	237	473	206	269	475	0,4

Resto Vendas Mercado Nacional: Inclúe vendas a operadores e búnker.

Exportacións: Exprésanse dende o país de orixe.

	Unidade	2006			2007			Variación '07 / 06
		1º Tr.	2º Tr.	ACUM.	1º Tr.	2º Tr.	ACUM.	
GLP COMERCIALIZADO	Kt	1.122	843	1.965	1.058	897	1.955	-0,5
Vendas España	Kt	627	339	966	570	362	932	-3,5
Vendas ABB	Kt	239	238	477	212	232	444	-6,8
Vendas Resto Latinoam.	Kt	186	219	404	205	241	446	10,4
Vendas Resto Mundo	Kt	71	47	118	70	62	132	11,7